



## IMPLICÁMONOS...

FUNDACIÓN MENIÑOS.  
FUNDACIÓN SECRETARIADO GITANO.  
ASOCIACIÓN TDAH Y NEAE.

O PROGRAMA  
CAIXAPROINFANCIA,  
IMPULSADO POLA OBRA SOCIAL  
"LA CAIXA", É UN PROGRAMA  
DE ACCIÓNS SOCIOEDUCATIVAS  
QUE PROMOVEN A CREACIÓN  
DE OPORTUNIDADES DE FUTURO  
A NENOS, NENAS E FAMILIAS  
EN RISCO OU SITUACIÓN  
DE EXCLUSIÓN  
SOCIAL



Traballamos para que  
os nenos e nenas  
sexan só nenos e nenas



## CONTACTO

Tel. 986 850 156  
Mob. 604 024 103  
[cpi.pontevedra@meninos.org](mailto:cpi.pontevedra@meninos.org)



Obra Social "la Caixa"

## OBXECTIVOS DO PROGRAMA

Facilitar a mellora da situación dos menores e das súas familias, desenvolvendo as **competencias** e o compromiso que lles permitirán asumir con autonomía este proceso de mellora.

Fomentar o **desenvolvemento social** e educativo da infancia no seu contexto familiar, escolar e social.

Contribuír ao aumento e **mellora de oportunidades** dos nenos e nenas e as súas familias mediante o desenvolvemento e implementación dun modelo de acción social e educativa integral.

Participar na **sensibilización** e mobilización da sociedade na erradicación da pobreza infantil.

## A QUEN ESTÁ DIRIXIDO

As persoas destinatarias do Programa son nenos, nenas e adolescentes de entre 0 e 18 anos, pertencentes a familias en situación de risco ou exclusión social, ou en condicións de pobreza relativa ou extrema. As familias terán que comprometerse co plan de acción social acordado para cada unha delas.



## QUEN SOMOS



Fundación Meniños, entidade social especializada na intervención familiar coa infancia, adolescencia e familias en dificultade social, colabora e coordina en Pontevedra o Programa CaixaProinfancia, que comeza a súa andaina en Galicia promovido pola Obra Social "la Caixa".

## QUE OFRECEMOS

Reforzo educativo



Atención psicoterapéutica persoal e familiar



Atención logopédica



Obradoiros educativos familiares



Colonias urbanas e campamentos



Axudas para alimentación e hixiene infantil, lentes, audifonos e material escolar

